

Helena Villar Janeiro, homenaxeada en Rianxo (A Coruña) como 'Escritora na súa terra'



Publicado 25/06/2016 19:24:26CET

SANTIAGO DE COMPOSTELA, 25 Jun. (EUROPA PRESS) -

O Concello coruñés de Rianxo acolleu este sábado a homenaxe ao 'Escritor na súa Terra', que nesta vixésimo segunda edición recaeu sobre Helena Villar Janeiro, quen elixiu a mesma localidade na que naceu Castelao para "vivir os atardeceres da ría de Arousa".

Esta iniciativa anual da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), segundo esta mesma precisou nun comunicado, conforma xa unha tradición na traxectoria da devandita asociación, ademais de constituírase ao longo de dúas décadas como unha celebración na que a terra de orixe ou adopción do homenaxeado cobra un protagonismo "fundamental".

De feito, é vontade da AELG honrar os escritores procurando o contacto directo co autor e a súa implicación persoal na xornada de homenaxe.

Trátase dunha celebración múltiple e popular na que se recoñece a entidade literaria de insignes figuras das letras galegas, a través dunha serie de eventos como a entrega do galardón Letra E de escritor (unha peza escultórica de Caxigueiro), a plantación dunha árbore simbólica (un loureiro elixido pola propia autora) e a colocación dun monolito conmemorativo.

Ás 11,30 horas deste sábado, o presidente da AELG, Cesáreo Sánchez Iglesias; o alcalde de Rianxo, Adolfo Muíños Sánchez; e a escritora homenaxeada, Helena Villar Janeiro interviñeron tras o descubrimento do monolito conmemorativo e a plantación do loureiro.

A continuación, tivo lugar ao acto de entrega da 'Letra E' e da peza escultórica do artista Caxigueiro, para despois finalizar a xornada cunha comida no Pazo de Rianxiño.